

## A proba celebrarase o domingo a partir das once Os atletas correrán polo patrono da cidade na XX Carreira de San Xiao

Redacción • Ferrol

**T**rala festividade local de San Xiao do pasado martes día sete, as celebracións na honra do patrono departamental non chegaron aínda á súa fin. queda unha importante e xa consagrada cita deportiva que por vixésimo ano consecutivo reunirá a unha multitude de atletas nas inmediacións do pavellón de Esteiro, concretamente na rúa San Roque e Ánimas, lugar que se converterá no punto de saída e chegada dos participantes nesta competición.

Os distintos barrios da cidade non poderán pasar desapercibidos á disputa desta proba popular, xa que discorrerá por un itinerario que abrangue a zona do Ensanche B, Recimil, A Magdalena, Ferrol Vello e o propio Esteiro. Un percorrido que no seu total suma uns 8.200 metros, unha distancia á que deberán facer fronte os deportistas pertencentes á categoría absoluta.

No tocante ás categorías inferiores, tanto os benxamíns coma as alevíns cubrirán un percorrido de 900 metros, mentres que a distancia será maior no caso dos alevíns homes, infantís e cadetes, que terán que correr 2.700 metros antes de cruzar a liña de meta.

### Saídas

Serán os máis pequenos os primeiros en toma-la saída, comezando a súa carreira ás 11.00 horas, tocándolle o turno dez



Rocío Rodríguez adxudicouse o triunfo na edición do pasado ano

minutos despois ó segundo grupo. Os atletas da categoría absoluta saíran a escea ás 11.30 horas.

O Padroado Municipal de Deportes do Concello de Ferrol é o encargado da organización dunha proba que contará co control técnico da delegación departamental da Federación Galega de Atletismo, así como polo Comité Galego de Xuices. Unha vez rematadas as

distintas carreiras procederase á entrega de trofeos ós tres primeiros clasificados de cada unha das categorías, nun acto que está previsto que se celebre arredor das doce e media.

As inscricións poderán formalizarse ata as oito da tarde de mañá venres, ben de xeito persoal ou por teléfono tanto nas oficinas do Padroado de Deportes coma na Delegación ferrolana de atletismo.



CIRCUITO DA  
XX CARREIRA  
POPULAR  
SAN XIAO

### Segunda cita do III Circuito ferrolán escolar

A XX Carreira Popular de San Xiao converterase para os máis pequenos, os atletas pertencentes á categoría escolar, nunha nova oportunidade para seguir engrosando a puntuación correspondente ó terceiro Circuito Ferrolán de Carreiras Populares e Campo a Través, organizado polo Padroado de Deportes de Ferrol e a Delegación de Atletismo na cidade departamental. Coincidirá pois coa segunda xornada dun circuito composto por un total de catro xornadas, a primeira das cales tivo lugar o 24 de novembro do pasado

ano, neste caso na modalidade de campo a través. En cada unha delas os vinte primeiros en entrar na meta puntuarán en función do posto acadado, existindo tamén unha clasificación por colexios. Ademais da cita do domingo, dúas probas máis que terán lugar o 19 de xaneiro en Doniños e o 2 de febreiro en As Cabazas poñerán punto e final a unha nova edición desta iniciativa deportiva. Será entón cando se lle faga entrega ós tres colexios gañadores dos seus respectivos vales canxeables por material deportivo.

### CATEGORIAS

Categoría escolar		Categoría absoluta	
Benxamín	Nados/as nos anos 94 y 95	Xuvenís	Nados/as nos anos 86/87
Alevín	Nados/as nos anos 92 y 93	Juniors	Nados/as nos anos 84-85
Infantil	Nados/as nos anos 90 y 91	Promesa	Nados/as nos anos 81/82/83
Cadete	Nados/as nos anos 88 y 89	Senior	Nados do 80 en adiante
		Veteranas	35 anos cumpridos
		Veteranos	40 anos cumpridos
		Minusválidos en cadeira de rodas (H/M)	

MESON O CABAZO



Dende 1972 seguimos sendo  
os de sempre.  
Xa nos coñecen.

Sol 87 - Ferrol

**A**luminios  
glesias s/l  
iglesias@aluminios.org

C/ Goya, 5 - Gándara de Abajo  
Tif: 981 383 748

15407 - NARÓN



**Mesón de Alfonso**

Un lugar agradable para quedar  
con sus amigos y disfrutar de  
nuestras tapas y una amplia bodega.

C/ Nueva de Caranza, 123 - Tif: 981 320 788 - 15404 FERROL

AMARRADORES DEL PUERTO Y RIA DE FERROL, S.L.



Muelle Comercial, s/n  
Tifno. 981 35 35 27 - Fax: 981 35 13 99  
Móvil: 669 78 21 11/10  
15401 - FERROL

Mesón  
**Os Potes**

Buenas Tapas y Vinos variados

Tel: 981 329 337

La Cabana - FERROL